

primer acto

CUADERNOS DE INVESTIGACION TEATRAL

Primer Acto nº 331 2009

“Cerrado por aburrimiento”, la experiencia compartida

Afonso Becerra

El 27 de noviembre de 2009, en el Teatro Colón de A Coruña, Matarile estrenó *Cerrado por aburrimiento*. Un posdrama filosófico cuya parataxis escénica redundaba en preguntas esenciales y, por ello, sobrecogedoras: “¿Por qué hacemos teatro, Juan?, ¿Para qué?”, le pregunta Ana Vallés a Xan Cejudo en escena.

Matarile llega a este espectáculo con un léxico y un estilo escénicos muy definidos. Teatro de actrices y actores, bailarines, *performers*, que componen un mosaico existencial y existencialista sin recurrir a más ficción que la que supone (re)presentarse a sí mismo/as encima de un escenario, priorizando la experiencia compartida con el público por encima de una experiencia transmitida, priorizando la impulsión de energía por encima de la significación.

De los últimos espectáculos de Matarile, éste es el que más peso confiere a la figura de Ana Vallés, que actúa encima del escenario como directora, como actriz, como testigo y espectadora. Sus preguntas y sus desasosiegos artísticos toman forma en lo que dice y en lo que hace, también en lo que pide a sus compañeros, como cuando le pide a Xan Cejudo que se siente a la mesa a comer una sopa y le recite un poema de Pessoa sobre la máscara y el rostro. Ana también se de-construye siguiendo un patrón similar al de *Truenos y misterios* (2007), coherente con el *sketch* del ventrílocuo que realizaban Marta Pazos y Antón Coucheiro en *Illa Reunión* (CDG, 2006), homenaje a sus inicios con el teatro de títeres y objetos, referencia al siempre admirado Kantor. Lo hace volviéndose muñeca desarticulada, objeto escénico, con su peluca negra y una motricidad extracotidiana con la que abandona, por momentos, a Ana Vallés.

El escenario es un paisaje. No hay escenografía que lo camufle y lo transforme en un espacio dramático ficcional. Hay objetos reales, algunos, como la gran mesa, atrezados con ruedas. La calabaza, de la huerta de Ana y Baltasar, actúa en pie de igualdad e introduce el tema de la contemplación. Contemplamos el paisaje humano que se mueve en el escenario y en sus límites, igual que ellos/as se contemplan y nos contemplan. Las distintas procedencias artísticas y geográficas de quienes componen este espectáculo: Argentina, Asturias, Canarias, Madrid y Galicia, se integran temáticamente y a través de un lenguaje en el que resalta la ironía. Ana cruza el escenario con un cartel: “*Se vende compañía de teatro*”. Alba Fernández, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Ricardo Santana, Xan Cejudo y Ana Vallés son las islas flotantes que se tocan por veces, los cerezos que entrecruzan sus ramas mientras despiden sus flores efímeras. La iluminación y el espacio sonoro de Baltasar Patiño son también actores. Patiño inventa luces igual que inventa sonidos, algunas tan fascinantes como las líneas horizontales que pasan por el escenario y se pierden mientras Mónica García danza el baile de la caída.

Desde Galicia, con un humor y una factura peculiares, junto a un diálogo artístico internacional, asistimos a la consolidación de un teatro heterodoxo de composición escénica

Pinceladas

O cisne negro

Texto:
Lupe
Gómez

Foto:
Jacobó
Bugarín

Ás veces aburrímonos tanto que o tempo non dá pasado. Estáncase. Os domingos son días para aburrirse. Pina Bausch foi unha bailarina, coreógrafa e profesora de danza alemá, e unha das grandes figuras da danza internacional contemporánea. Era delgada como un cisne negro.

En Betanzos hai un magnífico parque chamado *El pasatiempo*, cheo de misterios, grutas, pasadizos. Sempre me gustou esa cidade para deixar pasar tranquilamente o tempo, soñar con gaivotas negras e ocupar os bares da noite. Os nenos, cando se aburren mortalmente, fan travesuras divertidas e maléficas para fuxir de tanta mediocridade. O filósofo Sartre sentíase aburrido e inventou unha "náusea" curativa, terrible, cristalina. A esperanza habita no aburrimiento, porque despois de estar casados queremos divorciarnos. Despois de vivir o amor queremos experimentar o odio.

O escenario, nas obras de Pina Bausch, convertíase nun estraño salón de baile, no que podía ocorrer calquera cousa. Un sapo podía bicar un león. Unha mosca podía namorar dun hipopótamo. As persoas vellas levaban a súa biografía escrita nos seus corpos humildes, gastados. A pintura expresionista cubría todas as máscaras co brillo dunha lúa negra. O aburrimiento fai que as persoas novas se metan nas drogas e no

violenta e pacientemente, a vida. Nos espectáculos de Pina Bausch todo aparece ensamblado a partir de pequenos episodios. Non hai unha estrutura lóxica e lineal. O resultado é un collage intenso, vitalista. O filósofo Kierkegaard aproxima o aburrimiento á melancolía. Se tres gatos sentan nun sofá terían moitas cousas das que falar, pero non falarían de nada. Mirarían a televisión todo o día e toda a noite, esperando a que a crise económica marchase a outro lugar. Cando nos desesperamos somos máis fermosos que as baleas do mar.

Aburrimiento divertido

A nova obra da compañía Matarile, titulada *Cerrado por aburrimiento*, podería empezar dicindo que "Se vende compañía de teatro." Aínda que é unha despedida, tamén podería ser unha chegada a un lugar que non existe. Chegamos a aburrirnos mirando este espectáculo, pero é un "aburrimiento divertido". O sol entra no escenario e a luz resulta cegadora, aniquiladora, para os nosos ollos. A mellor forma de dicir adeus é dicir "ola, que tal estás?, queres que merquemos un xeadó e un paraugas branco?"

A directora, e actriz, Ana Vallés tamén é un cisne negro, melancólico. Cando tiñamos que admirar os mapas na escola, e aprender toda a xeografía mundial, resultaba difícilísimo, aburridísimo. É mellor aprender outras cousas como montar dacadalo, resistir facendo teatro ou bailar polas noites.

En *Cerrado por aburrimien-*



'CERRADO POR ABURRIMIENTO' É O ÚLTIMO ESPECTÁCULO DE MATARILE TEATRO

"unha crítica aos críticos de teatro". Téñena ben merecida, por pensar que poden emitir xuízos de valor e pintar as cousas de branco ou negro. Todos os actores están sobre o escenario e cada un atende a unha cousa diferente. Están xuntos pero disper-

de loucura" que hai nas obras de Matarile. A enerxía mestúrase coa falta de enerxía. O entusiasmo convive coa canseira, coa ironía e co absurdo. Ás veces, máis que facer teatro, parece que están facendo cine con retallos de mantas vellas.

"está en venda" e tamén poderíamos vender todas as ilusións, todos os esforzos vitais, todas as apostas. Poderíamos tirar pola ventá toda a creatividade, todo o fume do tabaco, todos os raios de sol. Ao final da película, e do aburrimiento, só quedaría chu-

mar de lempicka



Novembro 30, 2009

Efervescencia de letras e ideas

Clases de imbéciles

A clase maxistral dérona a pasada fin de semana o elenco (José Campanari, Xan Cejudo, Alba Fernández tocando a viola, Mónica García, Ricardo Santana e Ana Vallés) e a directora (Ana Vallés) na obra “Cerrado por aburrimiento” que se estreou no Teatro Colón d’A Coruña.

No escenario, non había máis ca unha mesa sobre a que se dispoña un floreiro, unha perruca. Detrás, cinco sillas. Á dereita, no chan, un cabazo, unha botella. Máis lonxe, un sofá, outras cousas.

Foi esta unha obra de verdades ferintes. “Cerramos gracias ó apoio de varias institucións”; “Quedar na casa non implica necesariamente aillarse” son dous delas. Sen embargo, eu quédome co berro raído de Vallés loitando contra a música, dicíndonos en francés “Eu son a mamá, eu son a madam, eu son a prometida... Eu son a tristeza. Marcho. Silencio, silencio” mentres o son da viola acompañaba o compás da música afondando na alma nunha imaxe que doe tanto como o berro de angustia de Munch. Facía tempo que non vía tanta poesía sobre as táboas. Agora pecho os ollos, e aínda vexo a Ana Vallés facendo de Ana, vestida de traxe de saia e chaqueta negros, con perruca negra esguedellada, subida a un foco de luz con rodas tirado por un actor apuntando o corpo de Mónica García nu do estómago para riba, esculpindo a figura como unha escultura antiga, como un maniquí que de súpeto parece ter algo de vida, empregando este mesmo paréntese para rematar a obra.

Pero entre o principio e o final, houbo outros instantes de luz expresionista, mínima, tan ben coidada e numerosas frases que me mergullaron na reflexión: “Facer teatro é resistir”, facer teatro implica “soportar o desprezo das institucións” así como dos críticos. Por suposto houbo crítica para o público, ese público neste país que se nega a pagar pola arte.

“Cerrado por aburrimiento” presenta unha compañía de teatro, os propios Matarile sopesando, levando como mellor poden a resignación ante un proxecto que deben dobrar e gardar aínda que só sexa por un tempo. “Cerrado por aburrimiento” é, como eles din, a contradicción dalguén que quere deixalo pero ten medo a deixar de facer o que realmente lle gusta, o que realmente ama.

Mentres se abandonan ó diálogo crítico, os actores van poñendo sobre o escenario reflexións como a cuestión de se as cousas belas deben escandalizar e por suposto, o tema da reivindicación do aburrimiento. Porque para eles a vida en si mesma non ten sentido, hai que darllo, e ás veces se non se atopa debe un “abandonarse a un letargo reanimador”.

O teatro non debe sempre facer rir, debe obrigar a pensar pero desta vez coido que algo removeu en min. Esta fin de semana vin unha das imaxes máis ferintes que nunca vira na sala: un cartel de “se vende compañía de teatro” tras a interpretación da Marsellesa. É isto quizais o que lles queda os profesionais liberais, berrar pola liberdade, a igualdade e a fraternidade mentres poñemos o anuncio da venta dos nosos soños e da nosa alma. Sempre o conflito da moral latente, do fracaso percibido, do desánimo. Nunca de min se separan.

E como penúltima imaxe de peche, tras lembrar a Tolstoi e outros astros, Xan Cejudo de actor interpretando o “Autorretrato” de Pessoa comezando por dicir que “non son nada” para logo recoñecer a pantomima dos seus versos. Ah suxo Pessoa!